Non é unha cuestión menor nin un xogo de palabras, porque o obxectivo non é baixar o salario dos homes senón subir o das mulleres. E o resultado é moi diferente segundo o método de cálculo que se utilice.

O instrumento mais preciso para medir a fenda salarial é o informe que cada ano fai a Axencia Tributaria na que recolle os ingresos de todas as persoas que traballan como asalariadas. A fonte do informe non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Ademais, os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais entre homes e mulleres, porque os ingresos reflicten as discriminacións no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da brecha salarial que sofren as mulleres.

Polo tanto, non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

A fenda salarial que padecen as mulleres ten unha expresión moi gráfica na composición por xéneros dos diferentes tramos salariais nos que a axencia Tributaria distribúe as persoas.





As mulleres son maioría, e polo tanto están moi por riba do seu peso total, en todos os tramos de ingresos mais baixos. E pola contra pero de forma complementaria son minoría nos tramos de maiores ingresos. E ínfima minoría xustamente no tramo superior.

De feito o patrón de comportamento é que o peso das mulleres nos diferentes tramos de ingresos vai baixando a medida que o nivel de ingresos aumenta. As mulleres son o 47% do total de declarantes de IRPF pero son o 55% das persoas que están no tramo mais baixo, as que cobran menos da metade do salario mínimo interprofesional. Pola contra tan só o 17% das que teñen ingresos por riba de 10 veces o SMI son mulleres.

Entre ambas cifras hai unha escala descendente do peso das mulleres nos diferentes tramos salariais: son o 40% nos ingresos entre 1,5 e 3 veces o SMI, o 36% entre as que declaran entre 4,5 e 5 veces o SMI e o 27% das que cobran entre 7,5 e 10 veces o SMI.

A mulleres son as que máis sofren o traballo a xornada por horas, as que máis padecen a contratación temporal, as que teñen máis presenza nas ramas dos servizos con peores salarios, as que teñen maiores dificultades para desenvolver unha carreira profesional.

A brecha salarial é a consecuencia de causas estruturais, profundas, de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. Combater a brecha salarial é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.





Diante desta situación, que discrimina a metade da poboación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que está facendo a Xunta para combater a inaceptable fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia, atendendo de forma especial á concentración de mulleres nos tramos mais baixos da escala salarial?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/11/2018 19:11:58**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 19:12:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A fenda salarial é o nome da discriminación salarial en contra das mulleres na que se expresa e materializan as numerosas discriminacións laborais por razóns de xénero que percorren o mercado de traballo. Que as mulleres cobren menos que os homes só polo feito de selo é unha vergoña nun país democrático. Unha vergoña porque as normas legais prohiben de forma explícita a discriminación por razóns de xénero, pero na realidade a metade das persoas sofren discriminación salarial.

A diferenza salarial por sexos é algo permanente, estrutural, de contía significativa, que percorre todas as realidades e que afecta non a unha parte lateral senón ao conxunto das mulleres.

O instrumento mais preciso para medir a fenda salarial é o informe que cada ano fai a Axencia Tributaria na que recolle os ingresos de todas as persoas que traballan como asalariadas. A fonte do informe non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Ademais, os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais entre homes e mulleres, porque os ingresos reflicten as discriminacións no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo





parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da brecha salarial que sofren as mulleres.

Polo tanto, non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

Unha das evidencias que proporciona o estudo Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes tributarias é que a brecha salarial é un dos camiños que conducen á pobreza laboral, porque a discriminación salarial á que están sometidas as mulleres é unha das razóns de porqué son elas as que máis sofren a denominada pobreza laboral: ter un emprego pero non poder vivir do teu salario de forma independente.

Cos datos da Axencia Tributaria sabemos que 272.978 mulleres en Galicia tiveron ingresos salariais inferiores a 890 brutos en 14 pagas en 2017. Un salario bruto de 890 euros en 14 pagas, transfórmase en pouco mais de 800 euros netos, unha cifra que non permite vivir de forma independente.

Esa é a retribución do 57% das 482.772 mulleres que traballaron como asalariadas en 2017. Para dicilo claramente, máis da metade das mulleres asalariadas en Galicia non chegan á categoría de mileuristas!!

Pero baixando un paso máis na escala retributiva atopámonos ao que sen dúbida só pódese cualificar de traballadoras pobres. Son, por unha banda, as 98.985 mulleres que ingresaron menos da metade do salario mínimo dese ano, isto é, 354 euros ao mes. Por outro, as 80.503 mulleres que superan esta cantidade pero non chegan ao SMI, que estaba en 707 euros brutos ao mes.

Sumadas os dous grupos son 179.488 mulleres cobrando por baixo dun SMI de miseria, unha cifra equivalente ao 37% de todas as mulleres asalariadas: case 4 de cada 10 traballadoras do noso país ingresaron menos de 655 euros brutos.







Son traballadoras pobres, persoas que traballan a tempo parcial, ou só uns meses ao ano, rotando entre o desemprego e o traballo precario que cobran un salario que lles impide vivir del.

E tamén na pobreza laboral hai brecha salarial feminina. Porque hai máis mulleres pobres que homes: o 26% dos asalariados masculinos está por baixo do SMI en 2017 fronte ao 37% das mulleres.

A brecha salarial é a consecuencia de todas estas causas estruturais, profundas, de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. Combater a brecha salarial é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación, que discrimina á metade da poboación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que esta facendo a Xunta de Galicia para combater a inaceptable fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia, en especial as situacións que derivan en pobreza e risco de exclusión social?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/11/2018 18:53:06**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 18:53:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

A fenda salarial é o nome da discriminación salarial en contra das mulleres na que se expresa e materializan as numerosas discriminacións laborais por razóns de xénero que percorren o mercado de traballo. Que as mulleres cobren menos que os homes só polo feito de selo é unha vergoña nun país democrático. Unha vergoña porque as normas legais prohiben de forma explícita a discriminación por razóns de xénero, pero na realidade a metade das persoas sofren discriminación salarial.

A diferenza salarial por sexos é algo permanente, estrutural, de contía significativa, que percorre todas as realidades e que afecta non a unha parte lateral senón ao conxunto das mulleres.

O instrumento mais preciso para medir a fenda salarial é o informe que cada ano fai a Axencia Tributaria na que recolle os ingresos de todas as persoas que traballan como asalariadas. A fonte do informe non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Ademais, os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais entre homes e mulleres, porque os ingresos reflicten as discriminacións no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo





parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da brecha salarial que sofren as mulleres.

Polo tanto, non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

A diferenza salarial, ademais de persistente no tempo, esténdese polo conxunto de sectores de actividade xa que en todas e cada unha das nove ramas de actividade que recolle o Informe da Axencia Tributaria hai diferenza salarial entre homes e mulleres. Nalgúns casos escandalosos.

Na industria a brecha salarial é do 41,7% e do 42,1% no sector das actividades financeiras e aseguramentos. Nos servizos as empresas, un grupo heteroxéneo que vai dende o asesoramento informáticos ata a vixilancia e a limpeza, a fenda salarial chega ata o 39,6%.

Pero a maior diferenza se produce no sector primario, agricultura, e pesca, no que é certo que hai pouco traballo asalariado e menos feminino—20.000 homes e 4.500 mulleres— pero nestas actividades as mulleres teñen de media un salario un 43,8% inferior ao dos homes.

A discriminación salarial afecta a todos os sectores e chega tamén as persoas que traballan no sector público, aínda que cunha cifra menor. Na clasificación por sectores da Axencia Tributaria se engloba nos denominados servizos sociais as actividades públicas e privadas de sanidade, educación e servizos sociais que teñen unha compoñente fundamental de emprego público.

Nestas actividades e onde mais mulleres traballa, mais de 158.000 e mesmo son mais que os homes que non chegan a 100.000. Polo tanto hai maioría de mulleres, o 63%, hai un peso decisivo do emprego público e sen embargo existe unha fenda salarial do 21%.





A brecha salarial é a consecuencia de causas estruturais, profundas, de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. Combater a brecha salarial é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación, que discrimina a metade da poboación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que está facendo a Xunta para combater a inaceptable fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia, especialmente nas actividades nas que acada a maior intensidade ?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/11/2018 19:20:45**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 19:20:54**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

A fenda salarial é o nome da discriminación salarial en contra das mulleres na que se expresa e materializan as numerosas discriminacións laborais por razóns de xénero que percorren o mercado de traballo. Que as mulleres cobren menos que os homes só polo feito de selo é unha vergoña nun país democrático. Unha vergoña porque as normas legais prohiben de forma explícita a discriminación por razóns de xénero, pero na realidade a metade das persoas sofren discriminación salarial.

En Galicia, a diferenza salarial por sexos é algo permanente, estrutural, de contía significativa, que percorre todas as realidades e que afecta non a unha parte lateral senón ao conxunto das mulleres.

Non é algo do pasado que imos superando aos poucos. Non é unha situación marxinal. Non é algo de pouca relevancia. A brecha salarial é enorme, é xeneralizada, é crecente e sófrena as mulleres en todas as actividades produtivas, pero tamén en todas as categorías profesionais, en todas as formas contractuais.

O primeiro paso para enfrontarse un problema é definilo, cuantificalo, saber cal é a súa dimensión e as súas causas, porque só despois de facer unha diagnose precisa se poden propor solucións efectivas. Poren, o sesgo de xénero tamén afecta ás estatísticas, porque sendo a desigualdade salarial entre mulleres e homes un problema de enorme relevancia —o sofre á metade da poboación asalariada— non existe unha estatística específica que de xeito continuado mida esta fenda.





E, o que aínda é peor, na maioría das ocasións a propia definición da fenda salarial está contaminada por unha perspectiva masculina. Empezando por esta cuestión, con demasiada frecuencia a fenda se define como a cantidade que os homes gañan máis que as mulleres, cando en realidade o que se ten que medir é o que as mulleres cobran menos que os homes.

Non é unha cuestión menor nin un xogo de palabras, porque o obxectivo non é baixar o salario dos homes senón subir o das mulleres. E o resultado é moi diferente segundo o método de cálculo que se utilice.

O instrumento mais preciso para medir a fenda salarial é o informe que cada ano fai a Axencia Tributaria na que recolle os ingresos de todas as persoas que traballan como asalariadas. A fonte do informe non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Ademais, os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais entre homes e mulleres, porque os ingresos reflicten as discriminacións no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da brecha salarial que sofren as mulleres.

Polo tanto, non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.180 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

Os últimos datos dispoñibles, os de 2017, din que o ingreso anual medio declarado polos 542.426 homes que traballaron como asalariados foi de 20.554 euros, mentres que as 482.772 mulleres asalariadas ingresaron de media 16.123







euros. Polo tanto, en Galicia no 2017, as mulleres ingresaron 4.431 euros menos polo seu traballo asalariado que os homes.

Tendo en conta estas cifras, cal é a brecha salarial?

Pois non o 21,6% que cobran mais os homes, senón a porcentaxe na que habería que incrementar os ingresos medios das mulleres para igualar o dos homes. E cando se calcula desta forma o resultado é radicalmente diferente, porque a brecha salarial elevase ata o 27,9%. Este é o incremento necesario do salario medio das mulleres para conseguir a equiparación retributiva.

A brecha salarial é a consecuencia de causas estruturais, profundas, de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. Combater a brecha salarial é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación, que discrimina a metade da poboación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que está facendo a Xunta para combater a inaceptable fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/11/2018 19:26:00**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 19:26:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

A fenda salarial é o nome da discriminación salarial en contra das mulleres na que se expresa e materializan as numerosas discriminacións laborais por razóns de xénero que percorren o mercado de traballo. Que as mulleres cobren menos que os homes só polo feito de selo é unha vergoña nun país democrático. Unha vergoña porque as normas legais prohiben de forma explícita a discriminación por razóns de xénero, pero na realidade a metade das persoas sofren discriminación salarial.

En Galicia, a diferenza salarial por sexos é algo permanente, estrutural, de contía significativa, que percorre todas as realidades e que afecta non a unha parte lateral senón ao conxunto das mulleres.

O instrumento mais preciso para medir a fenda salarial é o informe que cada ano fai a Axencia Tributaria na que recolle os ingresos de todas as persoas que traballan como asalariadas. A fonte do informe non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Ademais, os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais entre homes e mulleres, porque os ingresos reflicten as discriminacións no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da brecha salarial que sofren as mulleres.





Polo tanto, non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.

Os últimos datos dispoñibles, os de 2017, din que o ingreso anual medio declarado polos 542.426 homes que traballaron como asalariados foi de 20.554 euros, mentres que as 482.772 mulleres asalariadas ingresaron de media 16.123 euros. Polo tanto, en Galicia no 2017, as mulleres ingresaron 4.431 euros menos polo seu traballo asalariado que os homes.

E o mesmo sucede cos diferentes tramos etarios: as mulleres asalariadas cobran menos que os seus compañeiros homes da súa mesma idade. Resulta especialmente preocupante que as maiores diferenzas prodúzanse a partir dos 45 anos, porque nestes tramos etarios están as persoas que xa desenvolveron a súa carreira profesional, que alcanzan o seu máximo nivel salarial.

E este dato vén confirmar outra das características da brecha salarial: que as maiores dificultades das mulleres para desenvolver unha carreira profesional — entre outras razóns para conciliar especialmente elas a vida profesional e a persoal— leva a que en sectores similares, con formación similar e con cualificación similar as mulleres estean en empregos peor retribuídos.

A brecha salarial é a consecuencia de todas estas causas estruturais, profundas, de longo percorrido que derivan dunha división do traballo machista e patriarcal. Combater a brecha salarial é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coas sociedade civil o papel do goberno é determinante.





Diante desta situación, que discrimina a metade da poboación, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que esta facendo a Xunta de Galicia para combater a inaceptable fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia en todos os tramos de idade?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 29/11/2018 19:33:28**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 19:33:39**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.





Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque os ingresos son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a desigualdade salarial, e polo tanto social, xa acadou un nivel inaceptable en Galicia pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia Tributaria sinala que o ano pasado 182.120 persoas ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional dese ano, isto é, menos de 353 euros mensuais. Pero iso non é o peor, nin a cifra que mide mellor o nivel salarial do tramo máis baixo de ingresos porque esa cifra é o límite máximo do grupo, que ten uns ingresos medios de 2.020 euros en todo o ano 2017, segundo o informe oficial da Axencia Tributaria que se pode consultar na súa web.

No extremo contrario está a elite social, unha exigua minoría de 3.681 persoas con ingresos que superan as dez veces o salario mínimo pero que teñen ingresos medios declarados de 179.152 euros en 2017.

A comparación entre a elite e as persas de baixos ingresos proporciona unha medida precisa da insoportable desigualdade que sufrimos: os ingresos da elite multiplican por 89 veces os do tramo de ingresos mais baixos.

Ampliando algo mais o foco, no ano 2017 houbo 321.120 persoas asalariadas con ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional de eses ano cun ingreso medio inferior a 7.498 euros anuais. Son o 31% do total das persoas con ingresos salariais de 2017 e sen embargo a suma dos seus ingresos só chega a ser o 7% da masa salarial total.





No extremo contrario o 1% de todas as que declararon ingresos salariais foron quen de acumular ese mesmo porcentaxe do 7% da masa salarial total. Isto é, o 1% mais rico acumula os mesmo ingresos, o mesmo porcentaxe da masa salarial total, que o 31% con menores ingresos: menos de 11.000 persoas acumulan a mesma renda que mais de 321.000 persoas.

Unha desigualdade insoportable que non deixa de medrar porque, sendo historicamente alta, a recesión e as políticas de devaluación salarial, de conxelación do salario mínimo e de reformas laborais que debilitan a negociación colectiva fan que cada vez sexa mais grande.

En 2008 a ratio entre os que mais e os que menos ingresaban era de 68 veces, agora 89 veces, o que supón un incremento da desigualdade salarial do 31% nunha década en Galicia.

Combater a desigualdade é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo.

Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos organismos sindicais, coa sociedade civil o papel do goberno é determinante.

Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que está facendo a Xunta para combater a insoportable desigualdade salarial en Galicia, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Julia Torregrosa Sañudo







Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2018 09:58:06**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/11/2018 09:58:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Por iso no informe están todas as persoas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas – a EPA por exemplo – que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.





Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais e a desigualdade porque os ingresos son o resultado das diferenzas no salario pero tamén as provocadas polo traballo a tempo parcial ou por traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes da desigualdade e a pobreza laboral.

Os últimos datos dispoñibles, que son moi actuais porque son os de 2017, demostran que a pobreza laboral xa acadou un nivel inaceptable en Galicia pero a pesares diso non deixa de medrar.

O informe da Axencia tributaria reflicte que o ano pasado en Galicia foron 181.120 as persoas que traballando como asalariadas non chegaron a ingresar a metade do salario mínimo interprofesional dese ano, que estaba situado en 707 euros brutos ao mes.

No ultimo tramo de ingresos salariais están polo tanto as persoas que ingresaron ata 354 euros ao mes, limite máximo dun amplo grupo de persoas que como valor medio entre todas elas tiveron un ingreso medio ANUAL de 2.020 euros no ano 2017. Non é un erro: a Axencia Tributaria ten rexistradas, co seu nome e apelidos, a mais de 182.000 persoas en Galicia que ingresaron de media esa cantidade no ano pasado.

Obviamente este ingreso non se corresponde cun traballo en xornada completa e todo o ano. Neste grupo de ingresos tan baixos está formado por persoas que traballan en xornada parcial e, sobre todo, persoas que so conseguiron ter emprego unha pequena parte do ano.

Poren, estas son precisamente as características da precariedade que xera pobreza laboral: traballar por horas, só unhas semanas ou meses ao ano en empregos de baixos salarios.





Un segundo grupo numeroso de persoas que tamén sofren pobreza laboral. Son as que están por riba desta cifra pero que chegan como máximo ao salario mínimo interprofesional. O ano 2017 en Galicia foron 139.000 as persoas situadas no intervalo entre 354 euros por abaixo e 707 euros por arriba cun valor medio para todas as que estaban entre ambos límites de 7.498 euros anuais.

Expresado en salario mensual serían 624 euros brutos en 12 pagas, equivalentes a menos de 600 euros netos ao mes. Obviamente este colectivo tamén está dentro da definición de pobreza que fai o Instituto Galego de Estatística que establece o limiar de pobreza en 639 euros ao mes en 12 pagas nun fogar composto por unha soa persoa.

Polo tanto, sumados ambos tramos, son 312.120 as persoas que traballan en Galicia como asalariadas en 2017 con ingresos tan baixos que son traballadores e traballadoras pobres, porque están por debaixo do limiar da pobreza.

Sen dúbida é un dato moi preocupante porque equivale ao 31% do total de declarantes de ingresos salariais en 2017 en Galicia: unha de cada tres persoas asalariadas podería estar en risco de pobreza ou exclusión social no noso país.

Non estarían por baixo do limiar de pobreza as persoas que non viven soas senón coa súa familia, o que ven a demostrar que o seu traballo non lle dá para vivir de forma independente, porque ten un salario moi baixo, porque traballa en xornada parcial ou porque só consegue empregarse unha parte do ano, rotando entre o desemprego e o emprego precario.

Combater a pobreza laboral é un combate longo e complexo, porque hai que actuar contra unha realidade laboral que se estende desde fai xa demasiado tempo. Pero tamén ten causa nas políticas dos gobernos, porque neste combate compartido coas organizacións feministas, cos sindicatos, coa sociedade civil o papel do goberno é determinante.





Diante desta situación de desigualdade inaceptable o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que está facendo a Xunta para combater a insoportable pobreza laboral en Galicia, coas graves consecuencias persoais, sociais e mesmo económicas que ten?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2018 10:23:05**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/11/2018 10:23:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios. É a información máis completa, de orixe tributario, sobre o mercado de traballo e diferénciase sobre outras en que non se basea en enquisas realizadas sobre unha mostra de persoas, senón nos millóns de datos persoais rexistrados na Axencia Tributaria. Polo tanto, é unha investigación censal, non unha enquisa.

A fonte do informe denominado Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias non son as declaracións anuais do IRPF senón as retencións, que inclúe a todas as persoas que traballaron como asalariados aínda que fora só un día.

Por iso no informe están todas as persoas asalariadas que cobraron un salario. O resultado é que no estudio o número de asalariados é superior ao da maioría das estatísticas —a EPA por exemplo— que utilizan medidas anuais mentres que na información da Axencia Tributaria están rexistradas todas as persoas asalariadas que tiveran algunha retención.

Non é unha estatística baseada nunha mostra de persoas senón un rexistro con datos reais das 1.025.198 persoas que traballaron como asalariadas en Galicia no ano 2017, e non fai con enquisas senón cos datos rexistrados no modelo 190 da Declaración Anual de Retencións en poder da Axencia tributaria.





Os datos de ingresos son os reais de cada persoa, non unha estimación anual de salarios medios como fan outras fontes. E por iso reflicte moito mellor as diferenzas salariais porque os ingresos son o resultado da contía do salario pero tamén das características do traballo, entre elas facelo a tempo parcial ou traballar só uns meses ao ano, que son factores determinantes na discriminación salarial que sofren as persoas mais novas.

Na distribución das persoas na escala de ingresos salariais hai un patrón moi definido, permanente, que ven de atrás pero que se agudiza ata ser unha característica estrutural do mercado de traballo: os ingresos son mais altos a medida que os tramos de idade tamén van crescendo.

Pode parecer unha evolución lóxica, porque a medida que as persoas teñen mais experiencia e desenvolven a súa carreira profesional tamén melloran as súas condicións de traballo, salarios incluídos.

Pero o que xa non é aceptable é a enorme diferenza que se produce nos diferentes tramos de idade que non reflicten esa mellora ao longo do tempo senón a discriminación laboral das persoas mais novas inaceptable.

No ano 2017 en Galicia as 81.893 persoas menores de 25 anos que traballaron como asalariadas tiveron ingresos moi baixos: o ingreso medio deste tramo de idade foi de tan só 6.558 euros brutos ao ano, menos de 550 euros brutos ao mes, unha cifra que está por debaixo do limiar do risco de pobreza e exclusión social que o Instituto Galego de Estatística sitúa en 639 euros mensuais.

En valor medio todas as persoas menores de 25 anos que traballaron como asalariadas en Galicia no 2017 son traballadores e traballadoras pobres, agás que vivan coa súa familia que por desgraza é unha situación cada vez mais frecuente porque os baixos ingresos impiden que as persoas novas desenvolvan un proxecto vital independente.





Os ingresos dos menores de 25 anos apenas chegan a ser a terceira parte do ingreso medio total e a cuarta parte do que ingresan as persoas que están entre 50 e 65 anos. En concreto, o salario medio multiplica por 2,8 veces o salario dos menores de 25 cifra que se dispara ata 3,8 veces comparado co tramo de idade con maiores ingresos.

Algo mellor están as 218 persoas que teñen entre 25 e 35 anos pero aínda así sofren tamén de baixos ingresos, porque os seus 14.310 euros anuais de ingresos, equivalentes a menos de 1.000 euros netos en 14 pagas, están un 30% por debaixo da media e un 68% por detrás dos ingresos do tramo entre 50 e 65 anos.

Son diferenzas excesivas que demostran a discriminación salarial das persoas mais novas porque, ademais, non é que os ingresos do total das idades sexa moi alto, senón que as diferenzas se producen porque os ingresos das mais novas son demasiado baixos.

Ingresos baixos que son a consecuencia da precariedade laboral extrema das persoas mais novas, que se manifesta nun abuso da contratación temporal, da rotación, de formulas de contratación que bordean a legalidade, do tempo parcial que agocha xornadas moito mais largas, de falsas bolsa e contratos en practicas o formación irregulares.

Ante esta situación inaceptable, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que esta facendo e sobre todo que vai facer a Xunta para combater a discriminación salarial das persoas máis novas do noso país?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo







Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2018 10:10:04**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/11/2018 10:10:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Flora María Miranda Pena**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Unha traballadora do Centro de Día de Ribadeo denunciou que a **Consellería de Política Social prohibiu ao persoal do servizo** sumarse a calquera acto reivindicativo no 25-N que non fora o **institucional** promovido pola **Xunta de Galicia**.

O propio persoal do Centro de Día levaba tempo preparando actividades propias para o Día contra a Violencia Machista, a celebrar no marco dos actos do 23 de novembro, promovidos polo Concello, que se adheriu á campaña “En negro contra as violencias machistas”, sen embargo, segundo denuncia a traballadora, chegou un aviso ao centro por parte da Consellería de Política Social informando de que a Consellería de Política Social non permitía participar ao persoal doutra campaña que non fora a institucional da Xunta.

Por estes feitos, unha traballadora do centro dirixiu unha carta á Xunta sinalando que a advertencia de Política Social lles supuxo "dicir non a un proxecto transversal e en equipo que leva xestándose tres meses coa colaboración e participación de toda a comunidade", a un “proxecto inclusivo”, a "unha intervención terapéutica centrada nas persoas maiores".

Dita advertencia vai contra a liberdade de expresión e é unha manifesta actitude de sectarismo político.





Ante a carta, a Consellería de Política Social, preguntada polo Xornal Praza.gal, sinalou que non “prohibiu” secundar outras campañas, senón que “lembrou” cal era a “oficial”. Asemade, admítese o envío dunha "circular" a estes centros sobre a campaña do 25 de novembro.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben, preguntan á Xunta:

- Cal é o contido da circular que se enviou aos centros de Política Social sobre o 25N?
- Non considera unha coacción “lembrar” que a única campaña oficial do 25N é a da Xunta?
- Non lle parece que o persoal se pode ver condicionado por esta advertencia e que é un recorte da súa liberdade de expresión?
- Que lle parecen as consecuencias de dita advertencia?
- Por que a Xunta persiste no rexeitamento e sectarismo en materia de campañas do 25N, rexeitando a promovida por un cento de administracións locais galegas?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Flora Miranda Pena

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 30/11/2018 10:28:43**

**Paula Quinteiro Araújo na data 30/11/2018 10:28:51**

**Marcos Cal Ogando na data 30/11/2018 10:28:57**

**Flora María Miranda Pena na data 30/11/2018 10:29:08**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Partido Popular vén de retorcer a Comisión de Investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatitis C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada creada no Parlamento de Galicia grazas a un acordo dos grupos da oposición, para terminar por impoñer o plan de traballo de maneira unilateral negándose a todo diálogo e vetando a presenza de determinados comparecentes e a obtención de moita documentación.

Dentro destas circunstancias, a comparecencia de persoas que o PP citou para formular foron defendidas como “de moito interese” e que formulaban “opinións expertas” que trasladaban “a visión que non se quere coñecer”. Dende o Grupo Parlamentario Popular valorouse como “moi representativas” da situación da sanidade ás persoas comparecentes, validando de antemán a súa posición.

Nunha sesión celebrada o 28 de novembro, unha persoa comparecente a petición do PP formulou na súa intervención que “é un problema que se están dando tratamentos oncolóxicos a pacientes que non teñen máis perspectiva que un par de meses por diante, e estamos gastando medio millón de euros por gañar o equivalente a un ano de vida axustado por calidade, e este medio millón de euros produciría moitísima máis saúde utilizado noutros programas.”

Dada a validación previa dos poñentes que se fixo dende o Grupo Popular, que foi unha comparecente a petición do Grupo Popular e que na intervención posterior do Partido Popular na citada Comisión non existiu ningunha valoración oposta, matiz, apreciación ou contrariedade a estas afirmacións, nin que existiran declaracións públicas tanto do propio Grupo Popular como da propia Xunta de Galicia, pode considerarse a confirmación da súa aceptación.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que está sendo ineficiente o gasto en tratamentos oncolóxicos que se ofrece a través do Sistema público de saúde?
2. Como valora a Xunta de Galicia que o partido que sustenta ao goberno asuma como válidas estas afirmacións?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia expoñer publicamente algunha opinión ou posición contraria a estas afirmacións para desvincularse delas?
4. Cre a Xunta de Galicia que é minimamente decente asumir como válidas afirmacións coma estas?
5. Comparte a Xunta de Galicia a afirmación feita pola poñente da citada Comisión que compareceu a petición do Grupo Popular?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 30/11/2018 12:46:17**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2018 12:46:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/11/2018 12:46:30**



## Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Goberno municipal de Miño vén de anunciar as seguintes tres propostas que ten presentado ao novo Plan de transporte público de Galicia que, no seu entender, van transformar a estrutura do transporte público do concello.

Unha primeira proposta é a inclusión definitiva do novo servizo municipal de Miño dentro dos contratos previstos no novo Plan de transporte público de Galicia. Unha segunda garantiría paradas en Costa Miño das liñas metropolitanas tanto da Coruña como de Ferrol, evitando aos veciños deste novo núcleo ter que desprazarse ao centro urbano de Miño para poder facer uso do servizo.

En terceiro lugar, o Goberno local sinala que solicitou á Xunta de Galicia que as liñas Ferrol-A Coruña por autoestrada teñan parada en Miño.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Recibiu a Xunta de Galicia as devanditas propostas do Concello de Miño para a súa inclusión no novo Plan de transporte público de Galicia actualmente en trámite?
- 2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre estas propostas?
- 3ª) Que previsións ten o Goberno galego para mellorar substancialmente os servizos de transporte que afectan ao concello de Miño?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/11/2018 12:54:40**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/11/2018 12:54:51**

**María Luisa Pierres López na data 30/11/2018 12:54:59**





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na Memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2017 dise que se está a desenvolver o novo proxecto de Fiscalía Dixital, transformación dixital para levar ás fiscalías cara ao papel cero. Tamén se di que se está a desenvolver a evolución da aplicación informática “Fortuny”.

Mais o certo é que, dende a implantación de “Lexnet” como sistema de comunicacións, todas as persoas que traballan nas fiscalías de Galicia veñen sufrindo o desaxuste que este sistema ten coa aplicación informática, aínda que non en todas as provincias existen os mesmos resultados. O propio Fiscal Superior recoñeceu na súa comparecencia na Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior que a Fiscalía de Pontevedra é a máis avanzada, que a de Lugo e a Fiscalía Superior van relativamente ben e que as de Coruña e Ourense van bastante mal.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o desenvolvemento do novo proxecto denominado Fiscalía Dixital?
2. Ten coñecemento o Goberno do desaxuste que o sistema “Lexnet” ten en relación coa aplicación informática “Fortuny”?
3. Por que os resultados da Fiscalía de Pontevedra son mellores que os das outras provincias?
4. Ten intención o Goberno de exportar a fórmula de éxito de Pontevedra ás outras provincias?
5. Vai realizar o Goberno unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema de comunicacións “Lexnet” nas fiscalías galegas?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2018





**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 30/11/2018 13:23:05**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/11/2018 13:23:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/11/2018 13:23:57**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/11/2018 13:24:02**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Julia Torregrosa Sañudo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

O Ministerio de Traballo ten constancia que máis de 1.100 morosos (entre empresas privadas, particulares, e sector público) que deben á Seguridade Social cada un máis dun millón de euros ao sistema por impago de cotizacións sociais e cos que o Ministerio de Traballo pretende facer un listado de debedores. En total, a cantidade en vía de constrinximento é de 4.476 millóns de euros, dos que 1800 millóns se fixeron no último ano.

Porén, inda que a recadación por cotas á Seguridade Social se incrementou con respecto ao mesmo período do ano pasado, en setembro de 2017 nun 5,41%, pasando de 81.193,71 euros a 85.837,51 euros a taxa de morosidade mantívose no 1,75 %, sendo a previsión de rebaixa ata o 1% no conxunto do ano.

As autoridades sinalan a dificultade de rebaixar máis esta porcentaxe de morosidade. A autoridade responsable da Tesourería Xeral da Seguridade Social cifrou os aprazamentos en 616 millóns de euros, dos que 591 se corresponden cos concedidos a persoas particulares e empresas do sector privado e 25.5 millóns (0,5 %) á organismos públicos.

Interesa a este grupo parlamentari de En Marea coñecer cantas empresas, particulares ou sector público económico dos debedores, son empresas galegas, e/ou particulares que teñan radicada a súa residencia en Galicia, e cantos organismos públicos deses debedores son organismos galegos.





Polo anterior preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.- Coñece a Xunta de Galicia cantas empresas galegas teñen débedas coa Seguridade Social? De ser afirmativa a resposta, a canto ascende a contía en termos xerais da débeda destas empresas, particulares e organismos?
- 2.- Que medidas vai tomar a Xunta para rebaixar a taxa de morosidade das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2018 13:50:35**

**Luis Villares Naveira na data 30/11/2018 13:51:12**

**Francisco Casal Vidal na data 30/11/2018 13:51:28**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/11/2018 13:51:43**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**

O Instituto Galego de Estatística publicou o día 29 de novembro de 2018 as contas económicas anuais con base en 2010 no que se estiman as contas para o período 1995 a 2016.

É una serie longa e pechada, con valores definitivos que aporta moita información, con diferentes variables relevantes.

Entre elas está a distribución do PIB entre os diferentes factores, fundamentalmente entre remuneración de asalariados –que inclúe os soldos e salarios e as cotizacións sociais- e o excedente bruto de explotación, que inclúe aos beneficios empresariais.

A análise da serie 1995/2016 reflicte unha evolución preocupante da participación das rendas salariais no PIB, en especial a partires de 2008.

Dende ese ano os salarios perden peso no PIB como reflexo da súa redución e pola contra gañan peso o excedente bruto de explotación, isto é os beneficios empresariais.

Estamos sufrindo unha redistribución inxusta da renda, un cambio de paradigma no reparto primario da riqueza, unha transferencia da mesma dende os salarios aos beneficios empresariais como non se producira antes na nosa historia moderna.





A política neoliberal está provocando un aumento insoportable da desigualdade social, que ten o seu primeiro chanzo na negativa evolución dos salarios, na perda de renda da maioría social en beneficio dunha minoría.

Ese era o obxectivo das reformas laborais, reducir os salarios para recuperar a taxa de beneficio do capital, pagando o elevado prezo da precariedade, da pobreza e da desigualdade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Vai facer algo a Xunta de Galicia para combater este desequilibrio no reparto primario da renda ou, pola contra, considérao a orde natural das cousas?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 30/11/2018 14:10:53**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 30/11/2018 14:11:14**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

As autoestradas AG-57 Puxeiros – Val Miñor e AG-55 A Coruña - Carballo son as únicas estradas propias da Comunidade Autónoma suxeitas a peaxe, sendo outorgadas en concesión (única) en febreiro de 1995, por un prazo de 50 anos, polo que a súa reversión se realizaría aínda no ano 2045. Son 57,6 km., dos cales máis do 20 % xa foran financiados no seu momento directamente con cargo a fondos públicos antes de ser outorgados en concesión, ao igual que as expropiacións necesarias.

Diversos concellos das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, veñen reclamando desde hai anos liberar das peaxes tales autoestradas, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás avantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.

Tal medida contribuiría igualmente a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas (como o denominado “peaxe en sombra”) que non imponen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da comunidade autónoma sonlle gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Costa da morte, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) e polas que a Xunta de Galicia fai fronte a uns compromisos anuais superiores aos 80 millóns de euros.

A propia *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *“nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou anular o pagamento directo pola persoa usuaria”*.

Igualmente, o *Plan Move* presentado pola Xunta de Galicia baixo a presidencia de Feijóo, tiña previsto no seu apartado dedicado ás peaxes, ata unha contía de 6





millóns de euros anuais para a “optimización” destas autoestradas, contías que foron totalmente incumpridas.

Chegados practicamente á metade do período concesionario e ante a evolución das finanzas públicas en xeral e as relativas ao financiamento de infraestruturas autonómicas en particular, é o momento oportuno de expor novamente tal cuestión.

Tamén debemos considerar que as cifras económicas anuais da empresa concesionaria “Autoestradas de Galicia – Autopistas de Galicia concesionaria da Xunta de Galicia S.A.” pertencente ao Grupo Itínere, reflicten un nivel de ingresos da orde de 14 millóns de euros, cun endebedamento xa relativamente baixo, e cuns beneficios netos para a concesionaria no entorno dos 4,5 millóns de euros.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e mobilidade vén de anunciar unha posible redución das tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que a cidadanía das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña teñen dereito a un tratamento similar a do resto de Galicia empregando de xeito gratuíto as autoestradas AG-57 e AG-55?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que resulta positivo continuar co actual réxime de peaxes nas autoestradas competencia da Comunidade Autónoma?

3ª) Ten a Xunta de Galicia unha valoración do custo económico que suporía liberalizar esas peaxes?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/11/2018 16:01:52**

**María Luisa Pierres López na data 30/11/2018 16:02:00**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.<sup>a</sup>**

Logo de que durante tres anos a cafetería da estación da ría de Cangas dependente de Portos de Galicia estivese pechada, o pasado 31 de xaneiro celebráronse as primeiras mesas de contratación para adxudicar o servizo.

Dende ese momento e segundo o que consta na web da administración, outorgouse a concesión con data 16 de outubro e cun prazo de dous meses para comezar o servizo. Cando apenas quedan 15 días para pecharse ese prazo a instalación continúa nas mesmas condicións que fai anos, e dende a empresa adxudicataria denuncia publicamente que dende a resolución non teñen noticias da Administración nin posibilidade de acceder ás instalacións.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario de **En Marea** formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal é a situación na que se atopa o proceso de adxudicación e posterior apertura da cafetería da Estación Marítima de Cangas?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.



Asdo.: Flora Miranda Pena  
Paula Quinteiro Araujo  
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 03/12/2018 10:29:17**

**Paula Quinteiro Araújo na data 03/12/2018 10:29:33**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O Centro de Saúde de Escairón, no Concello do Saviñao, está obsoleto e sofre numerosos problemas, incluída a falta de accesibilidade, motivo polo cal é urxente a concreción do inicio das obras do proxecto do novo centro de saúde.

Un dos problemas deste edificio é a falta de climatización axeitada, pasándose frío no mesmo. A CIG ten denunciado que esta semana mesma non pasou dos 15°.

Hai dous anos, o Concello do Saviñao instalou un novo sistema de calefacción, de pellets, que nunca funcionou de xeito axeitado. Ao feito de non funcionar ben únese que non se prende o sistema ata media mañá.

Segundo a Xunta, a data de vixencia da última autorización deste centro é ata 2028.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta:

- Coñece a Xunta a problemática do Centro de Saúde de Escairón?
- Vai a Xunta solucionar, namentres non estea en funcionamento o novo centro de saúde, as deficiencias de climatización e accesibilidade do Centro de Saúde de Escairón?





- Cando vai estar en servizo o novo centro de saúde do Saviñao?
- Vai aumentar a Xunta a dotación de medios humanos na Atención Primaria do Saviñao?
- Ten algunha actuación prevista a Xunta para ver a posibilidade axeitar o centro de saúde antigo a novos usos sociais?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/12/2018 10:48:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A situación da atención pediátrica ás nenas e nenos galegos en atención primaria está resultando preocupante. Ante a insuficiencia de pediatras específicos para este ámbito, a ausencia dun modelo alternativo de xestión da demanda e a previsión de que este problema non se arranxe a curto prazo faise necesaria unha planificación da atención. Esta planificación debe garantir unha cobertura digna e estruturada para os nenos e as nenas deste país, afastada das solucións improvisadas e pouco sistematizadas que se están a dar. Cómpre tamén asumir que se trata dun problema que require dunha solución a medio prazo, dado que a situación non ten visos de irse resolver con medidas transitorias. A formación de pediatras non se realiza de modo inmediato, as previsións de novos pediatras seguen a ser insuficientes e a precariedade de contratación laboral no Sergas posterior ao remate da formación especializada non contribúe a fixar especialistas no noso sistema sanitario.

Adoecemos dunha situación demográfica na que o devalo, a dispersión e o abandono do rural son elementos que non contribúen a vislumbrar perspectivas de futuro para este entorno. Lonxe do deseño de solucións, a desarticulación da atención pediátrica contribúe ao desleixo polo rural galego. Faríase necesario o investimento de todos os recursos necesarios para evitar que as familias con crianzas abandonen este entorno. Un deles é a atención sanitaria accesible, digna e á altura das necesidades dos nenos e das nenas.

Nas últimas datas foron moitos os concellos que se organizaron ou queixaron da





ausencia de cobertura pediátrica por non substitución das profesionais que ocupaban ese espazo.

Entre eles os Concellos de Mondariz, Mondariz Balneario e O Covelo, que aglutinan un total de case 700 nenos e nenas que, dende a baixa por enfermidade da súa pediatra titular non dispoñen de atención, sendo remitidos para tal fin ao dispositivo asistencial de Ponteareas. Isto supón unha sobrecarga para este último centro de saúde. Dáse a circunstancia agravante de que, tralo concurso de traslados, esta pediatra será titular doutra praza. Outra circunstancia é que si que dispoñen de enfermería para o desenvolvemento do programa “Control do neno San”, o que supón realizar dita asistencia en dous lugares diferentes, coas conseguintes dificultades de conciliación.

Trátase da asistencia a 458 nenos e nenas en Mondariz, 120 no Covelo e máis de trinta no de Mondariz-Balneario.

A Consellería de Sanidade, tras reunión mantida con membros das corporacións, non aclara os prazos de cobertura con persoal interino, amparándose na ausencia de pediatras non xestionada nin planificada con garantías de asistencia estruturada a curto, medio nin longo prazo.

Por todas estas consideracións, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta:

-Ten a Administración sanitaria pública galega algún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica aos nenos e nenas de Mondariz, Mondariz-Balneario e Covelo no propio Centro de Saúde de Mondariz tendo en conta a escaseza de recursos profesionais e a ausencia de medidas que o solventen de modo eficaz a curto e medio prazo?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea







**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 03/12/2018 11:00:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1ª**

A morte dun operario en Begonte nun accidente laboral, o pasado 25 de novembro, sen ter chegado o auxilio por parte do GES Terra Cha, con sede en Guitiriz, que ten competencias nos concellos de Guitiriz, Friol, Xermade e Begonte, amosa a inefectividade e a inoperancia deste GES, por falta de medios e por unha nefasta xestión.

Os GES teñen un teléfono por cada base, que está operativo as 24 horas do día, todos os días do ano. É a ese teléfono ao que o operativo do 112 realiza a chamada comunicando unha emerxencia, sempre ao GES, que como grupo de resposta rápida ten que acudir, salvo que estea noutra emerxencia. Porén, na data do falecemento citado non había ningunha persoa do GES de Guitiriz de garda na base, ademais, o teléfono de contacto, que permite localizar as 24 horas do día á persoa que está de garda, non estaba a disposición dos traballadores do servizo, senón que o tiña unha persoa do equipo de goberno, feito que foi cualificado pola CIG como moi grave, como unha xestión imprudente e negligente.

Este feito pode dar lugar a responsabilidade penal e patrimonial por parte da Administración, de demostrarse que o teléfono que tiña que estar na base non estaba, que foi atendido por unha persoa a que non lle correspondían estas funcións, e que cometeu un delito do 195 do CP, na modalidade de comisión por omisión, xa que non derivou a ningún membro dos GES a atención da chamada de emerxencia (debido a que non había ningunha persoa do operativo de garda,





pois dos doce efectivos só están dispoñibles sei, o que fai imposible que se realicen todas as quendas e as funcións de garda), e que houbo dilación na comunicación que implicou o envío tardío dunha dotación de bombeiros. Este feito podería constituír un delito de omisión do deber de socorro tipificado no artigo 195 do Código Penal.

A situación de precariedade do GES de Guitiriz non é unha excepción que se dera na citada fin de semana, é a norma. Son numerosas as carencias do mesmo, tanto materiais (non hai internet na base, só hai un teléfono para contacto, falta material básico de emerxencias, non se dispón dunha base adecuada para un servizo de emerxencias), como humanas (habendo doce prazas, só hai seis persoas en activo, non estando operativas os domingos). Ademais, este GES realiza funcións impropias, que non teñen que ver coas emerxencias, como limpeza, recollida de lixo ou outras tarefas de servizos múltiples.

Na práctica, a situación do GES Terra Cha, con base en Guitiriz, inhabilita para ser un equipo de intervención rápida, como se amosou no accidente mortal citado.

Polo exposto, o deputado e deputada que subscriben preguntan á Xunta:

1. É a Xunta coñecedora da situación do GES Terra Cha?
2. Por que a Xunta non actúa ante a situación do GES Terra Cha?
3. Vai a Xunta investigar o ocorrido no accidente do 25 de novembro?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/12/2018 13:04:56**

**Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 13:05:04**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

A construción dun novo centro de saúde na A Estrada, pode ser unha boa oportunidade para situar nun anexo ao mesmo, unha base do 061.

Actualmente, a base do 061 atópase separada do centro de saúde, o que supón unha perda de tempo na recollida do equipo de facultativos, o cal debe saír todo xunto para atender ás Emerxencias sanitarias. Estimase polas profesionais, que a marxe de tempo que se aforraría sería entorno a 15 minutos, un tempo totalmente necesario en moitas das situacións nas que a saúde depende dunha rápida resposta.

Ademais, independentemente da mellora que supón de cara á atención sanitaria, a actual base onde se atopa situada a ambulancia do 061, resulta de todo incómoda para a limpeza e desinfección da ambulancia e do material, ademais de estar exposta a axentes climáticos como as xeadas ou as altas temperaturas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Ten pensado a Consellería de Sanidade, dotar ao novo centro de A Estrada dunha base para o 061?
- Non considera a Consellería de Sanidade, que resultaría moito máis axeitado este lugar que o actual?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 03/12/2018 13:41:02**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de resolver a caducidade do expediente de solicitude dunha planta de valorización de pneumáticos usados no polígono de Botos en Lalín.

Dende logo a posibilidade de arquivar un proxecto destas características debe ser recibido coma unha boa nova, feito que valoramos moi positivamente dende o BNG, ao entender que esa industria supuña un risco alto e certo para a poboación próxima e para a propia actividade industrial que alí ten lugar.

Un risco derivado da posibilidade de emisións de po e partículas contaminantes á atmosfera, procedentes do triturado dunhas 60 Tm/día de rodas, nun val cunha peculiaridade microclimática que provoca un baixo fluxo de correntes térmicas e a presenza repetida de néboas, polo que a persistencia e depósito nas inmediacións destas partículas contaminantes supón unha ameaza sería non valorada axeitadamente .

Do mesmo modo, a posibilidade de contaminación á rede fluvial da zona, aínda que nun primeiro momento foi desprezada, posteriormente obrigou á empresa





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a presentar un modificado do proxecto, no que se incorpora un sistema de depuración e tratamento non previsto, que precisamente foi sometido neste mes de novembro de 2018 a exposición de alegacións ante Augas de Galicia. Esta modificación na práctica pode supor un modificado substancial do proxecto sobre as súas condicións descritas orixinariamente, logo sen ser sometidas no conxunto da avaliación ambiental realizada no seu momento.

Ademais chama a atención que os informes previos obviaron un elemento fundamental á hora de valorar a idoneidade da instalación, cumprir cos requisitos obrigatorios dispostos na normativa sectorial de xestión dos pneumáticos fora de uso, o Real Decreto 1619/2005. Concretamente no referido ao seu anexo Iº, *sobre condicións técnicas das instalacións de almacenamento de pneumáticos fóra de uso*, onde se establece que a ubicación destas plantas deben manter unha distancia de seguridade do almacenamento dos pneumáticos ao respecto doutras industrias e zonas forestais.

Sorprende que todas estas cuestións foron obviadas na resolución do 27 de setembro de 2017, tras un trámite de avaliación ambiental simplificada, e publicado o informe de impacto ambiental no “ANUNCIO do 3 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental sobre o proxecto da planta de reciclaxe e valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil, no polígono industrial de Botos (clave 2017/0041)”.

Ante as importantes eivas e dúbidas suscitadas ao redor da autorización deste proxecto, e do que pensamos que houbo unha incorrecta valoración por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o propio Concello de Lalín







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

emitiu sucesivos informes técnicos demandando información esclarecedora, para así, poder valorar o outorgar ou non a licenza de obra. Finalmente, e á vista da documentación chegada, o Concello observa que nestes momentos aínda agarda dispor de tódolos informes, incluída a resolución de Augas de Galiza en fase de consulta e alegacións, polo que á falta destes requirimentos técnicos e legais non resulta posible valorar o sentido no que se pode emitir dita licenza, e facelo coas suficientes garantías legais.

Dende o BNG vemos que en todo este expediente existen cousas raras na maneira de proceder da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e resulta cando menos estraño que, agora, repentinamente se archive o expediente, mentres que aínda está sen resolver a consulta a Augas de Galiza, e que por riba se viría xustificar por una inacción do Concello á hora de inhibirse de emitir licenza de obra. Coincidindo xusto no momento en que o Partido Popular de Lalín, por medio do seu portavoz, manifesta o seu rexeitamento á autorización da planta, e querendo descargar toda a responsabilidade no propio Concello de Lalín, obviando o papel da Xunta de Galiza coma órgano substantivo responsable da autorización definitiva do proxecto.

Esquece tanto a Xunta como o Partido Popular de Lalín, que foi a propia Consellería, por Resolución, a que non tería apreciado ningunha eiva ambiental significativa para archivar o proxecto, e sorprende que agora eles mesmos pidan unha tramitación ambiental mediante un procedemento ordinario que afonde con máis detalle nas características e garantías do proxecto. Recordando que administrativamente o Concello de Lalín emitiu sucesivos informes técnicos, poñendo de manifesto numerosas anomalías técnicas e legais, non esclarecidas ou en fase de resolución pola Xunta, coa consecuencia de non facer oportuno e con





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

garantías, polo momento, emitir unha licenza de obras en cumprimento da legalidade vixente.

Valoramos que na decisión que agora emite a Xunta hai certo escurantismo na defensa doutros intereses, co propósito de atacar ao Concello, nas que demandan unhas responsabilidades administrativas que máis ben lle corresponden a quen as pide, cando o seu cometido debe non ser outro que velar pola correcta tramitación administrativa do expediente.

Recordando que as instalacións de tratamento e almacenamento de pneumáticos teñen asociada unha alta siniestralidade por incendios, moi perigosos e de moi difícil control, que poden durar días e semanas, e que aínda sendo necesarias este tipo de plantas, dende o BNG defendemos que a súa ubicación debe facerse conforme á normativa sectorial vixente, e buscando emprazamentos en solo industrial convenientemente preparado para isto.

Caso que para nada acontece no polígono de Botos de Lalín. Un antigo polígono de superficie moi reducida, no que as actividades industriais que alí teñen lugar non gardan distancias entre si. Non resulta admisible que se pretenda instalar unha planta de tratamento e almacenamento de pneumáticos nunha antiga nave leiteira, pegada a outras industrias. Así a industria contigua só conta cun peche perimetral que as separa, tratándose dunha industria na que se procesa material inflamable de madeiras e resinas. Valorando que orixinariamente xa foi un despropósito que no inicio da tramitación e de avaliación efectuada por parte da Consellería de Medio Ambiente non se tivera observado estas cuestións, e resolver coma suficiente o sometelr o proxecto á menor das avaliacións ambientais, a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

simplificada, que pouco máis que é a da presentación dun mero trámite administrativo testemuñal pra vestir o expediente.

En aras da transparencia e do cumprimento e rigor esixible, para unha tramitación administrativa, na que é de agardar a máxima dilixencia e bo facer da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coma administración pública, resulta preciso esclarecer que é o que hai detrás desta resolución de pechar o expediente desta solicitude de autorización industrial, e se existe outra motivación subrepticia, en clave cunha postura de táctica electoralista enarborada polo PP de Lalín, que pouco ten que ver co que se agarda dunha lóxica de cumprimento escrupuloso da legalidade na tramitación administrativa do expediente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Considera suficiente a avaliación ambiental simplificada á que se someteu o proxecto, dada a sinistralidade asociada a este tipo de industrias, e tendo en conta as limitacións do emprazamento, ou debería terse sometido a unha avaliación ordinaria máis rigorosa?

- Considera que o proxecto incorporou modificacións substanciais ao respecto das augas e non previstas na documentación orixinal, derivadas dos informes técnicos emitidos polo Concello de Lalín, que obrigarían a someter novamente o proxecto a avaliación ambiental?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Considera que o proxecto cumpre coas esixencias de distancia de seguridade, que establece o RD 1619/2005, con respecto ás fábricas contiguas presentes nese polígono?

- Considera oportuna, ante todas as dúbidas recompiladas no procedemento de tramitación, así coma das modificacións sobrevidas, que obrigan estar á espera de ser resoltas pola propia Xunta de Galicia, a prudencia e dilixencia administrativa gardada polo Concello de Lalín por non ter emitido licenza de obra requirida?

- Considera oportuna a localización desta planta en dito polígono industrial?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/12/2018 16:32:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/12/2018 16:32:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/12/2018 16:33:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/12/2018 16:33:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/12/2018 16:33:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/12/2018 16:33:06**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín María Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: *“Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”* E no artigo 105.1 establece: *“de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”*

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.



Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

*“I.-Financiamento:*

*Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:*

- *Regulación do Fondo galego de cooperación local.*
- *Fondo de compensación interterritorial*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”*

Pasados 12 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e con catro anos consecutivos nos que o crecemento da economía galega, en termos de PIB, se sitúa no entorno do 3 %, é o momento de iniciar o debate no seo da Comisión Galega de Cooperación Local sobre un II Pacto local galego, no que se deben abordar unha serie de temas prioritarios como o incremento do Fondo Base do Fondo de Cooperación Local galego en 9.921.841 euros en dous anos; aprobar os criterios que rexan o reparto das subvencións da comunidade autónoma a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso para todas elas; constituír, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, unha mesa de coordinación na que estean representadas a Xunta de Galicia, as catro deputacións provinciais e os concellos galegos para impulsar e primar a prestación compartida de servizos municipais para reducir gastos e aproveitar as economías de escala.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego abordar no exercicio 2019 o debate sobre o II Pacto local?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018





**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/12/2018 18:53:25**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 18:53:31**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/12/2018 18:53:40**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/12/2018 18:53:47**





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O val de Valdeorras discorre a beira do río Sil, entre as provincias de Lugo e León. Nel atópanse os municipios de Rubiá, Carballeda, O Barco, Vilamartín, A Rúa e Petín. Decenas de poboacións se dispoñen en ámbalas marxes do río, de forma lonxitudinal, dende a súa entrada na zona do estreito en Cobas (Rubiá), ata a súa saída noutro encaixonamento do mesmo en San Martiño (Petín).

O val está rodeado por grandes montañas que chegan a máis de 2000 metros de altitude en Pena Trevinca e que alcanzan cotas moi importantes nas cadeas montañosas que serven de división coas provincias de Lugo e Zamora. Esta peculiar orografía provocou que, ao longo de séculos, elixíse o val de Valdeorras para a creación de vías de comunicación entre a meseta e a costa de Galicia e de Portugal. A Vía Nova e o Camiño de Santiago de Inverno son dous claros exemplos de camiños ancestrais que atravesan esta comarca de lado a lado. O Camiño de Inverno, que discorre durante 30 quilómetros pola comarca de Valdeorras, é unha ruta moi antiga que era utilizada polos peregrinos que preferían un trazado tranquilo e con climatoloxía invernal pouco adversa, xa que ao seguir gran parte do curso do río Sil, evitábanse as nevadas que adoitan rexistrarse no Camiño Francés, principalmente no Cebreiro. En canto á Vía Nova, era unha das vías de maior importancia que os romanos construíron no noroeste de Hispania e viña completar a rede de comunicacións de carácter principal que Roma deseñou para articular o territorio conquistado por Augusto. Destaca por unha serie e singularidades que fortalecen a súa importancia histórica e patrimonial, xa que conserva un gran número de miliarios elaborados en grandes bloques cilíndricos de granito, destinados, do mesmo xeito que os nosos indicadores quilométricos de estradas, a orientar e informar ao camiñante; posúe numerosas pontes en bo estado de conservación; e ademais consérvanse grandes tramos da calzada que permiten coñecer a técnica construtiva empregada polos enxeñeiros romanos.

Estas dúas rutas, unidas entre si e sumadas a algúns camiños rurais para usos agrícolas que discorren polas marxes do río Sil, fan posible a creación dunha senda peonil que, percorrendo o val de forma circular, sirva tanto para o gozar do



deporte e lecer dos habitantes, coma dos visitantes. A súa lonxitude (82.750 metros) e a existencia de infraestruturas de servizos en todos os municipios, fai que permita percorridos, ben co camiño enteiro, ben por etapas, tanto ao redor do val, como de paso polo mesmo. Polas súas características e lonxitude, é tamén apta para as rutas en bicicleta. Esta senda posibilita non só o coñecemento das poboacións que percorre, senón tamén dos seus atractivos, tanto paisaxísticos como monumentais e de todo tipo. Entre os recursos naturais de maior relevancia destaca a Serra Enciña da Lastra, no municipio de Rubiá. Con 3.151 hectáreas de superficie, o parque é un cordel montañoso de rocas calcáreas con profundos vales que separa o Bierzo (León) e Valdeorras (Ourense). Trátase dunha zona natural de gran importancia ecolóxica e paisaxística, entre cuxas peculiaridades xeomorfolóxicas destacan vinte covas de orixe kárstico, coñecidas como “palas”, un hábitat de extraordinaria importancia para, a lo menos 13 das 18 especies de morcegos achados en Galicia, e propicias para a práctica da espeleoloxía. Ten unha enorme diversidade Botánica, con máis de 1000 especies de flora superior, e unha gran variedade de fauna, con máis de 200 especies de vertebrados.

O devandito camiño está delimitado, sinalizado e acondicionado na práctica totalidade do seu percorrido, a excepción do tramo que discorre entre os municipios de Vilamartín e A Rúa, onde discorre pola N-536, o que provoca que resulte perigoso para os seus usuarios e usuarias. Por iso, faise necesario separar o camiño circular desta estrada para que se consiga un camiño totalmente libre de obstáculos e perigos. O Concello de Vilamartín xa realizou melloras, pero para dar continuidade ao executado no caso da Rúa, a dificultade do trazado, as fortes pendentes das ladeiras, a proximidade da infraestruturas do ferrocarril, e o feito de que o tramo da estrada polo acceso este ao núcleo da Rúa sexa de titularidade da Xunta de Galicia e non municipal, fan precisa a intervención do Goberno galego para prever un deseño seguro efectivo e que non produza interferencias coas infraestruturas citadas, con plenas garantías e seguridade, o que esixe unha solución técnica, algo máis elaborada que o mero feito de efectuar un camiño ou pista por unha ladeira. Con este obxectivo, o Concello da Rúa púxose en contacto en reiteradas ocasións coa Xunta de Galicia, sen obter ata este momento un compromiso claro de realizar obras de acondicionamento que redunden en melloras na seguridade deste tramo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia, en termos de seguridade, do camiño circular de Valdeorras?



2. Ten acometido o Goberno galego algunha obra de mellora neste camiño nos últimos anos?
3. Coñece a Xunta de Galicia os obstáculos e perigos que conleva para os usuarios e usuarias do camiño circular de Valdeorras o tramo comprendido entre Vilamartín e A Rúa?
4. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha para garantir a seguridade neste tramo?
5. Como valora a Xunta de Galicia a proposta feita polo Concello de A Rúa para acondicionar e mellorar a seguridade no camiño circular de Valdeorras en A Rúa?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 11:05:12**

**Raúl Fernández Fernández na data 04/12/2018 11:05:19**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/12/2018 11:05:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2018 11:05:27**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Na sesión da comisión de investigación sobre os recortes na sanidade, celebrada o 28 de novembro no Parlamento de Galicia, unha poñente proposta pola Partido Popular, manifestou na súa comparecencia que se estaban dando tratamentos oncolóxicos a pacientes que non teñen máis perspectiva que un par de meses de vida e que polo tanto estíbese a malgastar os cartos públicos.

Estas manifestacións, non foro nada acertadas en canto a que unicamente se estaban valorando os aspectos económicos, sen ter en conta os dereitos das persoas. Neste sentido, é necesario resaltar os dereitos acadados na Lei 5/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, recolle en varios dos seus artigos, os parámetros a ter en conta nestes tratamentos, baseándose nos criterios clínicos e nos deberes das e dos profesionais respecto do esforzo terapéutico, definindo cando é indicativo o esforzo terapéutico e cando non.

Resulta de todo perigoso que este tipo de observacións non teñan en conta a normativa aprobada na materia e valoren con números a calidade de vida dos pacientes terminais e oncolóxicos, cando deben ser as e os profesionais as que deben valorar estes tratamentos segundo a evidencia científica.

Ante isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>:

- Dispón o Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para garantir o dereito das persoas enfermas terminais?





- Está o Goberno garantindo o cumprimento da Lei 15/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais?
- Está o Goberno a garantir o cumprimento e as limitacións do esforzo terapéutico segundo os parámetros que contempla a normativa?
- Cantas veces puxo o Goberno os criterios económicos por enriba do dereito á prestación sanitaria?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 04/12/2018 12:39:59**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do e da profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, e nunha gran parte deles non ten ningunha cobertura.

Con motivo desa decisión da agrupación do servizo en torno a determinados centros de saúde, e ao fío dunha interpelación e moción presentada polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, atendido nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría, como a nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa, a deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais que buscan precisamente o contrario, ou a ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, que na actualidade mantén a ausencia de pediatras en moitos puntos da xeografía, mantendo a decisión da agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan, no respecto a este servizo, como puntos de referencia comarcais.



É preciso, non entanto, considerar o servizo de pediatría coa atención suficiente para facer un plantexamento común que resolva o problema actual na medida do posible, e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado e valorado pola cidadanía.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a actual situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde é satisfactoria para a cidadanía?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar decisións na vía da contratación e estabilización de profesionais de pediatría no Sistema galego de saúde?
3. Prevé a Xunta de Galicia a contratación de novos/as especialistas en pediatría para o Sergas?
4. Comprométese a Xunta de Galicia a acordar co Goberno de España a axilización do proceso de acreditación de prazas para formación especializada en pediatría en Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 04/12/2018 12:50:39**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 12:50:44**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora María Miranda Pena e Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

A situación da atención pediátrica ás nenas e nenos galegos en atención primaria está resultando preocupante. Ante a insuficiencia de pediatras específicos para a Atención Primaria, a ausencia dun modelo alternativo de xestión da demanda e a previsión de que este problema non se arranxe a curto prazo faise necesaria unha planificación da atención. Esta planificación debe garantir unha cobertura digna e estruturada para os nenos e as nenas deste país, afastada das solucións improvisadas e pouco sistematizadas que se están a dar. Cómpre tamén asumir que se trata dun problema que require dunha solución a medio prazo, dado que a situación non ten visos de irse resolver con medidas transitorias. A formación de pediatras non se realiza de modo inmediato, as previsións de novos pediatras seguen a ser insuficientes e a precariedade de contratación laboral no Sergas posterior ao remate da formación especializada non contribúe a fixar especialistas no noso sistema sanitario.

Adoecemos dunha situación demográfica na que o devalo, a dispersión e o abandono do rural son elementos que non contribúen a vislumbrar perspectivas de futuro para este entorno. Lonxe do deseño de solucións, a desatención pediátrica contribúe ao desleixo polo rural galego. Faríase necesario o investimento de todos os recursos necesarios para evitar que as familias con crianzas abandonen este entorno. Un deles é a atención sanitaria accesible, digna e á altura das necesidades dos nenos e das nenas.







Nas últimas datas foron moitos os concellos que se organizaron ou queixaron da ausencia de cobertura pediátrica por non substitución das profesionais que ocupaban ese espazo.

As respostas da Consellería son moitas veces compracentes prometendo solucións a curto prazo as situacións particulares pero sen unha solución global con visos de sostenibilidade a medio e longo prazo.

En base a iso, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Ten a administración sanitaria pública galega algún plan estratéxico de continxencia para organizar, estruturar, planificar e ordenar a atención pediátrica aos nenos e nenas galegas tendo en conta a escaseza de recursos profesionais e a ausencia de medidas que o solventen de modo eficaz a curto e medio prazo?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Flora María Miranda Pena na data 04/12/2018 13:29:13**

**Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 13:29:22**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

*“Consolidar a nosa posición de líder no mercado de alugueiro residencial en España. Converternos nun dos operadores de referencia a nivel europeo, a través dun modelo de xestión de renda, sostible e socialmente responsable, que aporte valor a todos os nosos grupos de interese e ás sociedades onde desenrolamos a nosa actividade.”*

Esta é a visión empresarial que na súa páxina web indica unha das Socimis (Sociedades Anónimas Cotizadas de Inversión Inmobiliaria) que a día de hoxe está implantada con activos inmobiliarios en Galicia. Unha visión que dista moito de ser socialmente responsable con moitos dos veciños e veciñas que son novas arrendatarias das mesmas.

A aterraxe na nosa comunidade afecta xa a localidades como Pontevedra, Vigo, A Coruña, Cambre, Culleredo, Narón, Santiago de Compostela e Ourense.

E así como algunhas das propiedades administradas proceden do mercado libre de vivenda, outras son froito de adquisicións de edificacións de protección oficial, nas que os veciños e veciñas que residían nelas previamente ven como o cambio de propiedade lles afecta cunha suba de prezos que lles resulta inasumible.

No caso de certas comunidades, como a Hábitat 60 Plus de Cambre, froito dun convenio entre o concello e FADESA, e pensada para dar resposta a colectivos de alta vulnerabilidade, como mozos e mozas entre 18-30 anos e maiores de máis de 65 anos, ve como 20 anos máis tarde as condicións se modifican e a súa función e uso social queda totalmente desprotexido.

A práctica de cobros abusivos, na que se respectan as bases de alugueiro pero se incrementan os prezos dos subministros sen unha xustificación clara, ten levado a que moitas e moitos inquilinos teñan xa abandonado a edificación en busca de alugueiros máis económicos, ou se vexan involucrados en procesos de desafiuzamento por impago.



A incapacidade de comunicación áxil coa propiedade, só a través dun enderezo electrónico, impide e dificulta o entendemento entre as partes, cunha clara vulneración dos dereitos das inquilinas e inquilinos, que ou ben aceptan cada mes importes dos que descoñecen a súa xustificación e desglose ou incapaces para soportar as cotas, vense na obriga de abandonar a edificación.

Así mesmo, a devolución dos depósitos de moitos os que decidiron marchar, vense retidos sen xustificación algunha, nun claro exercicio de abuso de poder e de falla total de transparencia.

Ó tempo que nalgún dos casos que xa se teñen manifestado na nosa comunidade, como o de Hábitat 60 Plus, se está a traballar desde o Concello de Cambre nun novo convenio que regule tanto o uso da edificación como a relación entre os novos propietarios/as e inquilinos/as, aínda en réxime de protección oficial, bótase en falla unha reacción por parte da Administración autonómica ante este tipo de situacións.

O artigo 67 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no que se refire ás “Limitacións da facultade de dispoñer” di, no seu punto terceiro, que as vivendas protexidas promovidas para alugueiro poderán ser vendidas, de maneira individualizada ou por promocións completas, en calquera momento do período de vinculación a dito réxime de uso, previa autorización polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e nas condicións fixadas regulamentariamente.

No artigo 75 dise tamén , respecto ós “Dereitos de tanteo e retracto”, que o Instituto Galego da Vivenda e Solo terá dereito de tanteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos, sexan gratuítas ou onerosas, incluídas as derivadas de procedementos de execución patrimonial.

En resolución aprobada por unanimidade no pasado outubro, o Goberno adquiriu o compromiso de duplicar o parque de vivenda pública no dobre no horizonte de cinco anos.

Parece que para poder acadar ese fin, un dos modos máis eficaces sería comezar por evitar en todo caso a perda de máis vivenda con carácter social, adquirindo incluso aquelas comunidades e edificacións que con proteccións oficiais ou uso



social alugadas a colectivos de alta vulnerabilidade puidesen pasar a formar parte do parque público de vivenda, como un activo máis.

Algo que sería entendible en casos como o de Cambre, cando nese concello se constata unha demanda no Rexistro Único de Demandantes da Comunidade Autónoma de Galicia de 188 persoas.

Non se entende como a administración, tendo manifestado ese interese por incrementar o parque público de vivenda, e ante o coñecemento deste tipo de oportunidades, non exerce o seu dereito de compra das edificacións, co fin de evitar precisamente que incluso se incremente o rexistro actual de demandantes de vivenda social, o que xa está acontecendo actualmente cun aumento de algo máis de cinco demandantes novos ó día.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a valoración que fai este Goberno da entrada no mercado inmobiliario galego de varias Socimis xestoras de edificacións de vivenda na nosa comunidade?
2. É coñecedor das consecuencias que está tendo para as persoas arrendatarias, especialmente nas edificacións de protección oficial e destinadas ó alugueiro social?
3. Ten formulado a administración exercer o seu dereito de tanteo e retracto nos casos de edificacións de protección oficial que teñen comunicado a súa venda?
4. Cantos casos se teñen comunicado nos últimos 5 anos?
5. En cantos se exerceu ese dereito?
6. Conta a Xunta de Galicia, con algún tipo de mecanismo para seguir os casos de cada un dos arrendatarios ou arrendatarias logo dos cambios de propiedade das edificacións de carácter social ou protección oficial?
7. Ante a rapidez dos procesos de desafiuzamento por impago de alugueiro, ten a Xunta de Galicia establecido algún convenio de colaboración cos concellos para detectar os casos a tempo e evitar que se incremente as



débedas, e con elas a maior vulnerabilidade e risco de exclusión social das persoas arrendatarias?

8. Que control efectúa a día de hoxe a Xunta de Galicia, para asegurar o cumprimento dos compromisos adquiridos polas propiedades na xestión dos inmobles de edificacións de protección oficial e destinadas ó alugueiro social?
9. Cal é a súa lectura do caso da edificación de uso social, Hábitat 60 Plus que se ten denunciado polos veciños e veciñas de Cambre, e que ten suposto a marcha de moitas das persoas arrendatarias e a apertura de alo menos dous procesos de desafiuzamento por impago?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 04/12/2018 17:36:41**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/12/2018 17:36:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2018 17:36:53**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2018 17:36:58**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>, relativa ao financiamento do festival de cine de Ourense

O Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) é un dos eventos cinematográficos máis relevantes do noso país, un festival que este ano, despois da pésima xestión do goberno Popular de Ourense estivo en claro perigo de non poder ser realizado.

Foi así, pois atopámonos ante un festival organizado polo Concello de Ourense que ten contado en todas as súas edicións con moitos patrocinadores e colaboradores: entidades, empresas, e institucións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia que, en vez de financiarlo mediante as convocatorias competitivas, acude ao patrocinio do mesmo.

Finalmente, o festival está a celebrar a súa vixésimo terceira edición sen que, a día de hoxe, se poida coñecer o diñeiro que a Consellería de Cultura destinou a tal evento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cal foi a contía que destinou a Consellería de Cultura para o patrocinio do Festival de Cinema Internacional de Ourense?





2.ª) Cal foron as contías que se destinaron nos anos previos?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/12/2018 18:16:11**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2018 18:16:21**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O Ministro de Fomento fixo o día 3 de outubro unha visita a Galiza e fixo declaracións públicas que crean alarma e preocupación. Resumindo o contido das súas manifestacións podemos concluír que veu de novo co clásico repertorio de anuncios, estudos e promesas incumpridas.

O que demostra o acontecido onte é que existe un pacto tácito entre o PSOE e o PP para vetar a transferencia da AP 9, o rescate da concesión. E para adiar indefinidamente proxectos e obras que foron repetidamente adiadas. Obras de infraestruturas viarias estratéxicas para o país tanto en materia ferroviaria, como no relacionado coas estradas e autovías ou portos de interese xeral.

Nas declaracións públicas no Ministro escoitamos os mesmos argumentos en contra do traspaso da autoestrada que veñen os sucesivos gobernos do PSOE e do PP ao longo dos últimos 15 anos. O único anuncio concreto da reunión co sr Feixóo foi o da convocatoria dunha xuntanza da comisión bilateral de seguimento da AP 9, unha comisión cualificada como cortina de fume para desviar a atención sobre as cuestións verdadeiramente relevantes: negociación da transferencia da AP9, rescate da concesión e remate dos abusos da concesionaria.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante deste novo desprezo a Galiza, resulta rechamante a postura condescendente do presidente da Xunta, que semella que foi seducido polo sr Ábalos como pasou anteriormente con De la Serna e Xosé Blanco. Semella que estamos no camiño de reeditar o Pacto do Obradoiro, que xa sabemos a onde levou.

Tamén chama a atención o cambio de actitude do PSdG, que aplaude agora o que antes denunciaba. E no cambio de papeis entre PP e PSOE, esquece a reivindicación do investimento dos máis de 2.500 millóns non investidos por Fomento nos últimos 5 anos.

Fronte a esta actitude contemplativa e mansa do goberno galego, do seu presidente e do PSdG, entendemos que o Parlamento galego debe defender unha actitude firme de defensa dos intereses galegos e reclamar unha axenda galega de investimentos en materia de infraestruturas que permita dinamizar a economía e saldar a débeda que o estado ten con Galiza nesta materia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora o goberno galego a posición do goberno central e do ministro de Fomento en relación coa AP9?

2. Que demandas trasladou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado en relación coa AP 9 e coas infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias?

3. Cal é a valoración do goberno galego sobre os anuncios realizados polo ministro de Fomento na súa visita a Galiza do 3 de outubro?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Que demandas trasladou a Xunta de Galiza ao goberno central sobre o traspaso de competencias en relación coa AP 9, portos de interese xeral, ferrocarril de cercanías, aeroportos, e tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 10:01:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 10:01:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 10:01:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 10:01:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 10:02:00**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 10:02:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

O dano cerebral adquirido (DCA) en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta, e o envellecemento progresivo da poboación galega incide no agravamento do problema. Asemade, o traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido. Esta patoloxía é cada vez máis frecuente. Segundo datos de FEGADACE, unha de cada seis persoas sufrirá ictus, das cales, arredor do 70% terá lesións con consecuencias.

Co dano cerebral adquirido pérdense distintas capacidades, sendo moitas e variadas as secuelas que se presentan en diferentes graos e intensidades segundo a persoa.

Segundo FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral) en Galiza hai unhas 35.000 persoas con DCA, case o 80% motivado por ictus (27.890). Logo dun ictus, un terzo das persoas recupérase, outro queda con secuelas e un terzo falece.

Tras un accidente cerebral é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación, sen embargo, fallamos na





dotación de recursos públicos para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica.

En Galiza existen unidades de ictus, de atención na fase aguda, sen ser unidades interdisciplinares, pero non hai un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Así, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona (Guttman) e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez (QuirónSalud), asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galiza centro público que cubra esta necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida independente. No caso da clínica pontevedresa, ademais, só atenden a persoas diagnosticadas de "estado de vixilia sen resposta e estado de mínima resposta", cunha serie de criterios, quedando excluídas persoas maiores de 50 anos e persoas que teñan outras patoloxías, ademais do DCA.

En ambos centros existe lista de agarda, o que prexudica o resultado óptimo na mellora ou rehabilitación. Ademais, non todas as persoas dispoñen de acompañantes que podan desprazarse para o tratamento e sufragar o tempo de estancia en Madrid ou Barcelona. Por outra parte, no centro estatal só se atenden doentes de 16 a 55 anos con procesos recentes e recuperables e en estado físico de poder viaxar cada 15 días, e no centro de Barcelona, existe lista de agarda. O tratamento na clínica pontevedresa, coa que recentemente a Xunta asinou un convenio, só se atenden pacientes diagnosticadas de “estado de vixilia sen resposta”, do que cada ano se diagnostican entre 15 e 30 novos casos en Galicia, o que representa unha escasa porcentaxe das persoas afectadas.





A realidade galega é que as familias han de asociarse para acceder a recursos de rehabilitación e estes son escasos, recaendo o coidado e apoio a estas persoas no entorno familiar, sobre todo nas mulleres.

Tendo en conta que o acceso a este servizo especializado na vía privada é inasumible pola maioría de persoas ou familias, máis cando a enfermidade condiciona logo a reincorporación ao mercado laboral -case o 73% das persoas con DCA teñen dificultades para traballar-, e que a maioría de casos non encaixan nos criterios polos que serían atendidos/as nestes centros, En Marea defende a necesidade dun centro público de rehabilitación en Galiza.

Así, o 29 de novembro de 2017, a Comisión 5.<sup>a</sup> aprobou por unanimidade un dos puntos dunha Proposición non de lei de En Marea, relativa ás actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria a doentes con dano cerebral adquirido, coa seguinte resolución: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta a estudar nos primeiros meses do ano 2018 a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido."

Sen embargo, o 2 de maio de 2018, a unha pregunta de En Marea polo grao de cumprimento deste acordo, a Xunta reconeceu que o estudo non se fixera e que "se faría en 2018", incumprindo xa os prazos do acordo acadado e sen especificar.

Un dos problemas que afrontan as persoas con DCA é a posterior accesibilidade e/ou continuidade no emprego, coa conseguinte maior vulnerabilidade socioeconómica.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>:





1. Por que a Xunta non impulsa o acordo unánime do Parlamento galego en relación ao impulso dun estudo para a creación dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido?
2. Vai a Xunta impulsar unha Estratexia Galega de Atención ao Dano Cerebral Adquirido?
3. Que medidas van impulsar en relación á maior vulnerabilidade económica que sofren as persoas con DCA e as súas dificultades no emprego?
4. Vai aumentar os recursos de rehabilitación integral para o DCA na fase crónica?
5. Vai impulsar un estudo epidemiolóxico para coñecer a incidencia do DCA en Galiza?
6. Ten previsto o impulso da figura do responsable clínico, como persoa interlocutora única, estable e accesible, para cada persoa con DCA, que teña á familia informada durante toda a estadía hospitalaria e na fase de rehabilitación?
7. Vai aumentar o número de horas da prestación de Asistente Persoal para a Vida Independente?
8. Vai impulsar programas específicos de apoio ás familias con persoas con DCA?
9. Vai impulsar a investigación en técnicas rehabilitadoras e produtos de apoio para fomentar a autonomía das persoas con DCA?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.







Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/12/2018 10:47:05**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 10:47:15**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En agosto deste ano ardía o Parque Natural do Invernadeiro, dous incendios no parque que provocaron grandes danos ambientais. Non obstante, a ex conselleira de Medio Rural (agora de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) dixo expresamente que “ningún dos incendios afectan a unha zona especialmente importante do Parque Natural, posto que se trata dunha zona de matogueira baixa”. Curiosamente, en resposta de data 29 de novembro, o Goberno dixo que “as unidades ambientais afectadas polo lume foron:

- Superficies de queirogais
- Matogueiras e medios rochosos silíceos
- Superficies de bosques antigos
- Piñeirais”.

É dicir, a conselleira, ou ben non dixo a verdade ou ben ignora todo do Parque Natural, pois non só ardeu matogueira baixa nin eran zonas pouca importantes, pois os queirogais e os bosques antigos ou primarios si o son. A maiores, non se coñecen as superficies afectadas de cada unha destas zonas queimadas nin sabemos nada dun plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai deseñar o Goberno da Xunta de Galicia un plan urxente de rexeneración ambiental, con memoria económica, das zonas protexidas de Galicia afectadas polos incendios forestais cada ano?
2. Cantas hectáreas de queirogais e de bosques antigos ou primarios resultaron queimadas? Non son importantes para o Goberno?



3. Por que non dixo a verdade a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 13:10:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 13:10:42**

**María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 13:10:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un precurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos. A realidade nos amosa unha vez máis, o que supón non investir en servizos públicos e manter negocios coa privada.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación, pese a que vistas as contas a empresa non presenta problemas de impagos tal e como argumenta?
- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- Non considera a Xunta de Galicia que esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adocece, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural no Servizo Galego de Saúde?
- Ten feito algún estudo a Xunta de Galicia sobre a viabilidade de asumir a atención sanitaria de POVISA, mediante a fórmula administrativa que máis beneficie á Administración asegurando os postos de traballo e a prestación sanitaria de Área?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:23:34**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 por cento) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen en moitos casos economicamente do agresor, adoitan estar illadas, e con falla de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificultalles refacer as súas vidas libres de violencia.

Tendo en conta esta alarmante situación, dende o Grupo Socialista temos posto en moitas ocasións a focaxe sobre a violencia machista que sofren as persoas maiores, tanto pola necesidade de mellorar a detección destes casos, como de facilitar á saída desta espiral de violencia con axudas específicas ás vítimas que se atopan nesta franxa de idade.

As traballadoras do centro de día para persoas maiores de Ribadeo, dependente da Xunta de Galicia, prepararon durante meses actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres, intervencións terapéuticas centradas nas persoas maiores. Cando todo estaba preparado para presentar estes traballos o pasado día 23, xornada sinalada en Ribadeo para os principais actos vinculados a esta data de concienciación e reivindicativa, a Consellería de Política Social enviou unha carta ao centro



segundo a cal impedía participar, secundar e apoiar calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o contido da carta enviada, por parte da Consellería de Política Social, aos centros de política social en relación ás actividades vinculadas ao 25 de novembro, Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?
2. En que datas se enviaron estas cartas?
3. Cales foron os centros aos que se enviaron?
4. Por que motivo a Xunta de Galicia impediu participar, secundar, e apoiar aos centros de política social dependentes da Administración autonómica, calquera campaña en relación ao 25 de novembro que non fóra a da Xunta de Galicia?
5. Tomouse esta medida en anos anteriores?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia manter esta política de exclusividade das campañas da Xunta de Galicia nos centros de política social, en relación ao Día Internacional pola eliminación das violencias cara as mulleres?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 13:42:30**

**María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 13:42:36**

**Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 13:42:42**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

A historia do Álvaro Cunqueiro é a crónica dunha estafa anunciada. Unha privatización que supón para as arcas públicas un canon anual que a Administración debe pagar á empresa concesionaria de máis de 70 millóns de euros ao ano.

Todo isto, enmarcado nun contexto de incumprimentos por parte da Concesionaria, que ademais non escatima en pleitear con Administración para reclamar máis cartos.

O negocio resulta redondo para a UTE, que cada ano vai incrementando os seus beneficios. No 2017, co Hospital funcionando a pleno rendemento, a Concesionaria Novo Hospital de Vigo rexistrou uns beneficios de máis de 3 millóns de euros, fronte aos máis de 70 que debe desembolsar a Administración, polo privatización do proxecto, o financiamento e a explotación.

Os pleitos da Concesionaria coa Administración, non se reducen unicamente á Administración autonómica, fai pouco que vimos de coñecer a última sentenza, que aínda non é firme, en relación á discrepancia na exención do IBI entre a Concesionaria e o Concello.

Neste contexto, sorprende ver a conivencia da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde coa Concesionaria, defendendo a exención fronte ao criterio do Concello. De feito, ante a modificación da ordenanza fiscal que regula esta exención, o xerente do SERGAS, interpuxo alegacións como representante do





SERGAS e de GALARIA, ambas inadmitidas pro extemporaneidade e por falta de lexitimidade respectivamente, no mesmo sentido que a propia Concesionaria, o que demostra como a propia Administración autonómica, defende por enriba da necesidade recadación da Administración local, o aumento de beneficios.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Considera normal a Xunta de Galicia, defender o aumento de beneficios por parte da Concesionaria fronte á recadación pública da Administración local?
- Vai a mudar o Goberno o seu posicionamento respecto ao tema do IBI?
- Por que interpuxo o xerente do Sergas alegacións a través de Galaria e do Servizo Galego de Saúde para evitar a modificación da ordenanza fiscal?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:44:14**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

Na actualidade estase en pleno proceso de reforma regulamentaria para redefinir a Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico, o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sinsentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

